

PARADELA NO TEMPO: VÍNCULOS CON PORTOMARÍN



Ángel Fernández López

do altar maior, ao lado da epístola, ao cadáver de D. José López Rivera... a cuxo enterro asistiron vinte e sete relixiosos de S. Antonio e doce señores sacerdotes". Once días despois foi soterrado Juan, o irmán máis novo de D. Pedro. Este irmán non era crego, pois na partida aparece a palabra "celibato", que se empregaba para designar o estado de "solteiro", que era profesor de Sagrados Cánones na Real Universidade de Santiago e bacharel noutra facultade e na de Filosofía⁵.

Dos datos expostos, pódese deducir que D. Pedro e os seus irmáns naceron no seo dunha familia relativamente acomodada e, por suposto, con inquietudes culturais; pero é aínda máis relevante, a gran valía persoal destes irmáns, de tal forma que, se tiveramos que pronunciarnos acerca do "peso" que exerceron nas súas vidas eses factores condicionantes, inclinariámonos por darlles prioridade ao seu talento e as inquietudes culturais da súa familia máis que á súa riqueza patrimonial. O avoengo da súa casa non lles permitía ocupar un rango intelectual e social tan alto naquela época.

En referencia á personalidade de D. Pedro, di Juan Marcial que "se tiveramos que sinalar un trazo característico de D. Pedro este sería a súa rexa personalidade, que aparece no alcume "Pedro Recio", que lle dá o pobo pola súa traxectoria de home enérxico, sobre todo con motivo da chegada dos invasores franceses, sobre os que fala con acritude, non regateando duros cualificativos. Para probar esta maneira de cualificar os franceses, cito unhas verbas textuais sacadas do asentamento de seis vítimas da barbarie francesa: "...asasinados todos eles e mortos violentamente polos franceses e no vinte de abril do dito ano, en que descargaron a súa rabia e furor xenial sobre cantos puideron coller xa nas casas, xa nos camiños, xa nos bosques, en que procuraron ocultarse, polo que se determinou o rexistro das matas e das malezas para recoller os cadáveres e darlles sepulturas".⁶

Manuel Rodríguez López.

O benquerido, ilustre e añorado fillo predilecto de Paradela, o que a amou tanto coma o que máis, viuse na obriga de abandonala, como tantos outros galegos, na súa máis tenra infancia.

Foise a Barcelona ao reencontro dos seus pais, coa "maleta" case baleira, non moi cargado de ideas sobre o mundo e a vida. Non podía ser doutra maneira. Era un neno de seis anos que apenas tivera tempo a recibir a ensinanza das primeiras letras. Íase a un mundo aparentemente mellor, a unha rexión economicamente máis desenvolta e culturalmente tamén máis rica que a nosa, pero o neno non entendía aínda desas cuestións. E a pesar de que se marchaba cos seus pais, deixaba atrás o máis apegado a el, o que máis quería: os seus tíos, "Paco da Fonte", outros nenos e o ambiente pastoril da aldea. Da liberdade do Cervatiño de Randulfe e San Pedro pasou a unha vida máis metódica e disciplinada. Encontrouse cunha lingua distinta; tivo que adaptarse a outros costumes e conquistar novas amizades. O seu ingreso no seminario, quéirase ou non, tivo que supoñer para el un pequeno trauma. Non obstante, durante os seis ou sete anos que permaneceu nesta institución eclesiástica espertouse nel un gran amor polas culturas galega e catalá. Ao final, abandonou o seminario e encontrou outro gran amor, o amor da súa



Manuel Rodríguez
López, o gran poeta de
Paradela

5 Ob. citada.

6 Juan Marcial Pereira Fernández, Libro de defuncións de S. Martín de Piñeira (1772-1852). *Lucensia*, n.º 13 (Vol. VI). Lugo, 1996.



Centro sociocultural Manuel Rodríguez López

vida, a súa muller Irene, emigrante coma el.

Manuel Rodríguez, de personalidade sensible e espírito emprendedor, comprendeu, porque o sufriu na súa propia carne, o triste e complicada que é a vida do emigrante, lonxe da familia e dos seres máis queridos. No transcurso do tempo foise forxando nel o amor á terra e a nostalxia do seu afastamento. Comprende que a súa propia lingua –o galego- e a súa cultura eran aínda exiguas. Confesábo con sinceridade cando se dirixía nas súas misivas ás personalidades máis relevantes da cultura galega que el admiraba (Otero Pedrayo, o padre X. Rubinos, X. Neira Vilas, Celso Emilio Ferreiro, Basilio Losada, etc.), porque era un home humilde e auténtico. Superouse, fíxose así mesmo e chegou ao cumio do dominio das linguas galega e catalá. Non todos se atreven a traducir do catalán ao galego *L'Atlàntida*, de J. Verdaguer, como o fixo o noso ilustre personaxe no ano 1995. A el referiuse, nestes termos, Victor Manuel Vázquez Portomeñe, conselleiro de Cultura da Xunta de Galicia, cando recibiu a citada obra: “Galego de nacemento e de corazón e catalán de adopción, poeta da nosa lingua e coñecedor a fondo da catalá, con ampla formación humanística e coñecemento da cultura e mitoloxía clásicas...”

Xa na fábrica OSSA, onde traballou desde o ano 1958 ao 1984 en que cerrou a empresa, acrecéntanse os seus valores sociais e emerxe nel un resentimento positivo sobre a vida dos que sofren.

Segundo M. Blanco Castro⁷,

“A fabrica impulsou a Manolo a escribir *Soldada Mínima*. No limiar do mencionado libro escíbelle ao catedrático Dr. Basilio Losada: “Manuel Rodríguez é un poeta obreiro ou mellor talvez, un obreiro poeta”. O seu mundo “é o dos arrabaldes industriais, dos transportes

7

Manuel Blanco Castro. *Vida e obra de Manuel Rodríguez López*. Concello de Paradela (Lugo), 2000

colectivos, do fume das fábricas, da lama dos camiños, dos barrios obreiros”. É o poeta do “suburbio e da nave de montaxe”, .../... “Obreiro e poeta da suor e do esforzo”. Entre outros títulos desenvolve temas como “Póliza de accidentes”, “O vello obreiro”, “Rentables dividendos”, “Contrato”, un “Expediente de crisis”. Fala do patrón altivo, dos humildes cadeliños”.

Quen desexe coñecer mellor este insigne paradelense, deberá ler o libro Vida e obra de Manuel Rodríguez López, escrito por Manuel Blanco Castro⁸ e editado polo Concello de Paradela. Nel encontrará amenidade, sentimento, clarividencia, aspectos persoais e intelectuais, así coma un resumo da súa rica e variada obra literaria.

O sentir vertido na citada publicación polos seus mellores amigos e por quen o coñeceu e tratou, serviranos tamén de axuda inestimable para introducirmos un pouco máis no mundo dos valores persoais e intelectuais que ennobreceron a figura de tan ilustre escritor e pensador.

É o “Poeta de Paradela”, tan vivo na memoria dos seus paisanos, achándose nel un fermoso exemplo de amor á terra, ás raíces, dunha personaxe comprometida con todo o que signifique Emigración, Galegos, Galicia”. XOSÉ MANUEL MATO DÍAZ, ALCALDE DE PARADELA

“Este é un libro para todos os públicos. Porque fala dun home de a pé, do pobo, que con esforzo e traballo se fixo a si mesmo e foi grande polos seus coñecementos, polas súas devocións; polo seu amor á terra, ás xentes, á cultura... pola súa obra e pola súa vida”. XULIO XIZ; ESCRITOR

“Foi destetado do seu pobo natal, do seu Randulfe querido, coma outros dos nosos veciños e mesmo parentes, de Paradela, de toda Galicia”.

“O libro chega nun momento moi oportuno. Faltaba buscar a maneira de que o seu propio pobo, os seus propios paisanos e veciños tivesen fontes de auga limpa onde beber, feitos concretos sobre a vida de Manolo... A este labor, hoxe en día, vai axudarnos a vida mais a obra do noso poeta, contada de modo tan sinxelo e curioso polo outro amigo Manolo Castro Blanco, galego e emigrante coma el. Ambos os dous viviron dun xeito parecido. Ambos os dous foron sinxelos, calados, traballadores, humildes, servizais, loitadores, coherentes, cunhas vidas gañadas a pulso, detallistas, sensibles, positivistas, solidarios, portadores de esperanza e ledicia, valentes, rebeldes ante a mentira –hipocrisía- opresión...”. XESÚS MATO, CREGO E MUSICÓLOGO

“Foi animador constante da vida cultural galega en Barcelona, mestre de tantos no exercicio da galeguidade, excelente poeta e narrador e, por riba de todo, un galego dos “bos e xenerosos”. BASILIO LOSADA, CATEDRÁTICO

“Manuel Rodríguez foi, si, un poeta do suburbio e da fábrica e tamén un poeta da nostalgia campesiña, un poeta patriótico e civil, un bardo na gran tradición nosa que informan Manuel Curros e Cabanillas, cos que tanto ten que ver, mesmo na música do verso. Dentro desa relixión viviu a súa vida enteira, curta de máis, tronzada no medio da madurez”. DARIO XOHÁN CABANA

“O seu mundo está dominado por unha nota nostálxico-evocativa da matría da infancia e da adolescencia, unha nota ético-condenatoria da inxustiza social que rexe na súa vida explotación do traballo, condena emigratoria, despotismo cínico dos privilexiados, etc., etc., e mais unha nota de noxo e refugamento da escravitude corruptora que se acubilla na urbe supercivilizada. Todas elas redúcense a unha: a afirmación da dignidade do home. O noso poeta protesta cos seus versos contra un mundo desalmado no que se abafa constantemente esa dignidade.

Mérito destacado de Rodríguez López é o seu espléndido galego, sinxelo, vivo e de gran riqueza expresiva”. RAMÓN PIÑEIRO

“Manolo era o compañeiro que sabías que non che había fallar nunca e que sempre sabía estar no seu posto.

Coa morte de Manolo Rodríguez, os galegos de Barcelona perdemos un amigo e un embaixador inesgotable na nosa terra. Galicia, todos os galegos, perdemos unha persoa que fixo país no senso fondo da expresión”. OLEGARIO SOTELO BLANCO

Antón Grande, falando da faceta de Manolo como cronista oficial do Centro Galego de Barcelona, en artigo titulado “Adiós a Oreste”, publicado na sección de Táboa Redonda de El Progreso escribe: “Tamén exercía de notario de todo o acontecer dun pobo, o galego en terra allea, Cataluña. Das súas crónicas catalás deixou dous libros que veñen sendo unha descrición do acontecer galego en Cataluña e incluso dos xunguimentos xurdidos entre cataláns e galegos” ANTÓN GRANDE. El Progreso, 21-02-90.

Cando repasamos a impresionante obra creativa de Manuel Rodríguez López e a súa participación e colaboración nos máis diversos medios culturais, non podemos subtraernos de crer que nos encontramos ante un home excepcional: traballador incansable, emprendedor, amante da terra e da cultura onde tiña as súas raíces (Paradela-Galicia) e da catalá (terra de adopción); persoa sinxela, sincera e consecvente, amigo dos amigos e bo pai de familia. El foi capaz de facer convivir en harmonía as súas virtudes creativas coas facetas dun home de ben, porque, en definitiva, era o que perseguía Manolo: o ben dos demais, sobre todo o dos máis humildes. Así pois, se podería afirmar que a súa humildade era consubstancial á súa persoa. Foiño desde a súa máis tenra infancia en Randulfe e non a abandonaría nunca. Os seus éxitos literarios, os seus premios e os seus loureiros non foron capaces de facerlle desistir desa a súa íntima virtude.

Manuel-Ramiro Pallares López.

Os seres humanos tendemos, polo xeral, a ser bastante receosos á hora de recoñecer os méritos das persoas máis achegadas a nós no espazo e no tempo. En cambio, somos condescendentes en aclamar as máis afastadas sen sometelas a ningún tipo de crítica nin análise previa.

Manuel-Ramiro Pallares López, home culto e sinxelo, sen pretensións, galeguista auténtico, dos que non fan ruído, preferiu traballar en silencio, investigando e afondando no máis característico da cultura



Manuel-Ramiro Pallares López, Autor do gran libro Vocabulario do Concello de Paradela